

6

A importancia da fotosíntese

Nome _____ Data _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A diferenza dos animais, as plantas non toman alimentos, senón que os fabrican elas mesmas. Para facelo necesitan **luz, aire, auga** e, a maioría, un **terreo fértil**.

A **función de nutrición** nas plantas consta de dous procesos:

- A **fotosíntese**, polo que as plantas fabrican o seu propio alimento.
- A **respiración**, que ten como finalidade obter enerxía a partir do alimento producido.

1 Indica cun X as características presentes en cada fotografía.



Fotografías	Luz			Auga			Temperatura		
	Alta	Media	Baixa	Moita	Media	Baixa	Alta	Media	Baixa
A									
B									
C									
D									

2 Indica en cal dos lugares representados nas fotografías da actividade anterior situarías as seguintes plantas.

Xaras. Son arbustos que habitan en zonas solleiras, con temperaturas medias e altas e con humidade intermedia.

- Fotografía A

Musgos. Son pequenas plantas que medran en lugares de pouca luz, con temperaturas medias e alta humidade.

- Fotografía B

Cactos. Son plantas que habitan en zonas con moita luz, con altas temperaturas e baixa humidade.

- Fotografía C

Abetos. Árbores que habitan en zonas con moita luz, con baixas temperaturas e humidade intermedia.

- Fotografía D

3 Relaciona cada unha das seguintes estruturas co lugar onde se encontran na planta e coa función que realizan. A continuación, completa o texto.



- | | | |
|---------------------|------------|----------------------|
| Estomas • | • Follas • | • Transportar |
| Pelos absorbentes • | • Talo • | • Intercambio gasoso |
| Vasos liberianos • | • Raíz • | • Absorber |
| Vasos leñosos • | | |

Nas _____ existen uns pequenos orificios chamados _____ relacionados co _____ que se produce durante a respiración e a fotosíntese.

No _____ hai uns condutos encargados de _____ auga e sales minerais chamados _____ e outros, auga e alimentos chamados _____.

Na _____ hai unhas estruturas chamadas _____ que se ocupan de _____ a auga e os sales minerais presentes na terra.

4 Completa as imaxes e indica cal representa a respiración e cal a fotosíntese.



5 Tendo en conta os debuxos da actividade anterior responde as seguintes preguntas.

- Que necesita unha planta para facer a fotosíntese? E que produce?

- Que necesita a planta para respirar? E que produce?
